



**GUÍA PRÁCTICA SOBRE SOBRE O PROCESO APROBADO POLO
REAL DECRETO 316/2026 PARA A OBTENCIÓN DUNHA
AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA E TRABALLO EN ESPAÑA**

Boletín de novedades

Regularización Extraordinaria 2026

Guía práctica sobre o proceso aprobado polo
Real Decreto 316/2026 para a obtención dunha
autorización de residencia e traballo en España

Organiza



**Deputación
DA CORUÑA**

Colabora





NOVAS ENTIDADES COLABORADORAS INSCRITAS NO REXISTRO DE COLABORADORAS DE ESTRANXERÍA NA PROVINCIA DA CORUÑA

- Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Ferrol): <https://hermanasoblatas.org>.

ERROS E EMENDAS

- Se se recibiu unha comunicación da Administración solicitando a achega da documentación que falta, esta poderá presentarse de forma telemática ou presencial nas oficinas de Correos habilitadas para este procedemento.
- Se se detectan erros materiais nos datos persoais, como o nome, os apelidos ou o número de pasaporte e/ou NIE, estes serán cotexados co resto da documentación achegada para poder corrixilos. Se o erro está no enderezo de correo electrónico, a comunicación coa persoa solicitante realizarase no lugar indicado no apartado 3) «*Domicilio para os efectos de notificacións*» da solicitude.
- Se se detecta calquera outro erro, podemos poñernos en contacto a través do formulario facilitado no portal de regularización: <https://www.inclusion.gob.es/gl/formulario-consultas-regularizacion-extraordinaria-2026>.

SOLICITUDE DE CITA PREVIA PRESENCIAL

- No caso de unidades familiares, poderanse xestionar nunha mesma cita as solicitudes dos membros dunha mesma unidade de convivencia; para iso deberá indicarse no momento de solicitar a cita..

AUTORIZACIÓNS DE RESIDENCIA POR RAZÓN DE ARRAIGAMENTO PARA PERSOAS SOLICITANTES DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL CON ANTERIORIDADE AO 1 DE XANEIRO DE 2026

- Solicitude conforme ao modelo específico dispoñible para a súa descarga no portal da Regularización: **EX31**.
- Se a solicitude de Protección Internacional está en trámite, **NON** é necesario desistir dela para presentar a solicitude de autorización de residencia. **O desistimento da solicitude deberá realizarse no caso de recibir a resolución definitiva da autorización de residencia** por arraigamento e presentarse ante a Comisaría cando se vaia solicitar a TIE.
- Se se presentou un recurso contra a denegación da solicitude de Protección Internacional, **NON** é necesario desistir dese recurso para presentar esta solicitude de autorización. **O desistimento do recurso deberá realizarse no caso de recibir a resolución definitiva da autorización de residencia** por arraigamento e presentarse ante a Comisaría cando se vaia solicitar a TIE.



AUTORIZACIÓNS DE RESIDENCIA POR RAZÓN DE ARRAIGAMENTO PARA PERSOAS SOLICITANTES DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL CON POSTERIORIDADE AO 1 DE XANEIRO DE 2026

- Solicitud conforme ao modelo específico dispoñible para a súa descarga no portal da Regularización: **EX32**.
- No caso de recibir a resolución favorable da autorización de residencia por arraigamento, **habrá que desistir da solicitude** de protección internacional e presentar dito desistimento no momento de solicitar a TIE.

COMUNICACIÓN DE INICIO DA ADMISIÓN A TRÁMITE

- Este trámite de admisión implica a autorización, de forma **PROVISIONAL**, para residir e traballar, no caso de que a persoa se atope en idade laboral, tanto por conta allea como por conta propia, en todo o territorio nacional e en calquera ocupación ou sector de actividade.
- A presente autorización provisional **NON** habilita para a expedición da Tarxeta de Identidade de Estranxeiro (TIE), a cal unicamente procederá unha vez recaia **RESOLUCIÓN EXPRESA ESTIMATORIA**, aos 3 meses (aproximadamente) da presentación da dita autorización.
- A Seguridade Social comprobará se xa ten asignado un número da Seguridade Social e se está dado de alta na asistencia sanitaria para, de non ser así, asignarlle un número da Seguridade Social e recoñecerlle o dereito á asistencia sanitaria sen necesidade de realizar ningún trámite pola súa parte nin de acudir a unha oficina da Seguridade Social. Nese caso, recibirá unha resolución que lle será comunicada no domicilio facilitado para os efectos de notificacións na súa solicitude.
- O número da Seguridade Social que conste na resolución que recibirá deberá comunicalo cando comece a traballar e poderá dirixirse ao Centro de Saúde máis próximo ao seu domicilio para solicitar a súa tarxeta sanitaria.

A regularización extraordinaria é unha oportunidade para dar un paso adiante e construír un futuro mellor en España, con máis dereitos , estabilidade e seguridade.

Organiza



**Deputación
DA CORUÑA**

Colabora

